



CONCELLO DE  
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1AG	<i>Expediente</i> CON/18/2015	<i>Fecha</i> 03-07-15 11:53

Sello o Certificación Mecánica

Número 9 .- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á adxudicación do "Servizo de mantemento e reparación de varandas, eliminación de mobiliario en desuso, limpeza e eliminación de grafitis e limpeza e repintado de placas con nome de rúas, monumentos... no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela." (CON/18/2015).

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 03 de xullo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 9 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA E PATRIMONIO RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO "SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DE VARANDAS, ELIMINACIÓN DE MOBILIARIO EN DESUSO, LIMPEZA E ELIMINACIÓN DE GRAFITIS E LIMPEZA E REPINTADO DE PLACAS CON NOME DE RÚAS, MONUMENTOS... NO ÁMBITO DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA." (CON/18/2015).**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 13 de maio de 2015, do xefe de servizo da OCIRH, conformado coa mesma data pola concelleira delegada de Cultura e Patrimonio; así como do informe favorable da técnico de Intervención que conta co conforme da Viceinterventora, número 2015/343, de data 30.06.2015.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

**"EXPEDIENTE:** Servizo de mantemento e reparación de varandas, eliminación de mobiliario en desuso, limpeza e eliminación de graffitis e limpeza e repintado de placas con nome de rúas, monumentos..., no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela

**ASUNTO:** Adxudicación do contrato a CONSERVACION DEL PATRIMONIO ARTISTICO RENOVATIO SLU

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1AG	<i>Expediente</i> CON/18/2015	<i>Fecha</i> 03-07-15 11:53

### **ANTECEDENTES:**

Primeiro: Con data 13 de abril de 2015, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador CONSERVACION DEL PATRIMONIO ARTISTICO RENOVATIO SLU.

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución da mesma data, requireo para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 30 de abril, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requerimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado na antedita reunión da mesa de 13 de abril, procede realizar a seguinte:

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **CONSERVACION DEL PATRIMONIO ARTISTICO RENOVATIO SLU**, por un importe de 33.050,00 euros (IVE aparte 21%: 6.940,50 euros), e unha porcentaxe de baixa a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios do 5,5%, ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

De acordo co recollido na cláusula segunda do prego técnico de aplicación as actuacións a desenvolver finalizaranse durante o ano 2015, e, en todo caso, ó esgotar a cantidade máxima orzamentada, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria **040 33600 21000.**"

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1AG	<i>Expediente</i> CON/18/2015	<i>Fecha</i> 03-07-15 11:53

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **CONSERVACION DEL PATRIMONIO ARTISTICO RENOVATIO SLU**, por un importe de 33.050,00 euros (IVE aparte 21%: 6.940,50 euros), e unha porcentaxe de baixa a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios do 5,5%, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

De acordo co recollido na cláusula segunda do prego técnico de aplicación, as actuacións a desenvolver finalizaranse durante o ano 2015, e, en todo caso, ao esgotar a cantidade máxima orzamentada, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria **040 33600 21000**.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE  
SANTIAGO

Asdo: Xan Xesus Duro Fernández



